

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACION O DÍA 4/02/2019, EN PRIMEIRA CONVOCATORIA.

ASISTENTES

Concelleiros

Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)

José Marcote Suárez
Soledad Vilela Romero
Alexandre Domínguez Lado
María Rocío Mariño López

Concelleiros

Partido Popular (PP)

José Manuel Traba Fernández
Daniel Juan Benlloch Rivas
Santiago Insua Esmorís-Recamán
María del Rocío Marcote Canosa

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

Xan Carlos Sar Oliveira

Converxencia Galega

Juan Agustín García Pouso

Secretario

José Ramón Lema Fuentes

Non asiste

Teresa Fernández Martínez
(Con excusa)

ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación, se procede, borradores Actas das sesións anteriores.-
- 2º.- Nova Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-
- 3º.- Mocións de grupos políticos.-
- 4º.- Modificacións Xunta ó Convenio Colectivo e Acordo Regulador.-
- 5º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-
- 6º.- Rogos e Preguntas.-

Na Vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión sendo ás 20:00 horas, do día 4/02/2019, reúnense no Salón de Sesións da casa do concello baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, José Marcote Suárez, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación en primeira convocatoria, coa seguinte:

1º.- Aprobación, se procede, borrador Acta da sesión anterior.

-Sometida a votación a do día 11 de Outubro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.-

-Sometida a votación a do día 18 de Decembro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes.--

2º.- Nova Aprobación Provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

Á vista do requerimento efectuado por parte da Dirección Xeral de Urbanismo de data 30 de Xullo de 2018, o Pleno da Corporación por Seis votos a favor (4 PSdG-PSOE, 1 BNG e 1 Convergencia galega) e sen a participación dos Concelleiros do grupo popular asistentes, acorda :

1) Aprobar ó Refundido do Documento do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra redactado por parte da Empresa adxudicataria Eptisa Servicios de Ingeniería S.A. aprobado provisionalmente polo Pleno na sesión do día 17 de Marzo de 2016 coas modificacións que foron introducidas en virtude dos requerimentos efectuados por esa Dirección Xeral e os derivados dos Informes emitidos por Organismo sectoriais.-

2) Remitir certificación deste acordo aos Organismos Oficiais competentes coa finalidade de que se emitan os Informes preceptivos dentro do prazo regulamentario para posterior aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Fisterra.-

3º.- Mocións de grupos políticos.

A) O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Adherirse á iniciativa Europea do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía co seguinte contido :

A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors) unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea. O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible. A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de

fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.

A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir os compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.

O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores. Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resistencia fronte ao cambio climático.

Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a enerxía sostible e o clima (PACES) nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión. O PACES inclúe:

1) Un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación.

2) Unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático.

Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.

O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40 % a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento de cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable.

Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.

A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía é o mellor instrumento para implicar aos Concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo

de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, polo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de máis de 20.000 habitantes.

Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello de Fisterra, recoñezo que o noso compromiso esixe:

1) Un liderado político forte:

- Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos.
- Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas;

2) Un enfoque territorial integral e intersectorial.

3) A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados:

- O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios.
- O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.

4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.

5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética .

6. Revisar periódicamente nas nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.

Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXIA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello. E para que conste, eu D. José Marcote Suárez, alcalde desta Corporación, comprométome a :

1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40% ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.

2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.

3. Elaborar un inventario de emisións de referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para

o Plan de Acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.

4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.

5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en cumprimento do Plan.

6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais rexionais da Unión Europea.

7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.

8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.

9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posibles as tarefas de apoio e coordinación.

O Concello de Fisterra, reunido en sesión ordinaria o día 4 de febreiro de 2019, aproba a adopción dos seguintes acordos:

- A adhesión do Concello de Fisterra ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

- Facultar ao Alcalde de Fisterra a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

B) O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda promover unha declaración institucional do Concello de Fisterra, co obxecto de demandar a exención da pesca accidental, dentro da modalidade de pesca artesanal, do sistema TACS e cotas implantado pola UE co seguinte contido :

“A presente iniciativa ten como principal obxectivo por de relevo a desigualdade de trato e a inxustiza existente no sector pesqueiro por mor do actual sistema de reparto de TACs e cotas (distribución das posibilidades de pesca) para a frota de artes menores.

Ata fai pouco, na Unión Europea (UE) definíase a pesca costeira artesanal como a desenvolvida por buques inferiores a 12 metros de eslora e con determinadas artes de pesca. Toda a pesca executada por buques de

eslora maior ou con artes non contempladas como artesanais pola UE, entrarían dentro da denominación de industrial.

Elo implicaba que todas as embarcacións maiores de 12 metros, quedarían fóra da categoría de pesca costeira artesanal, supoñendo importante prexuízos para esta frota - ex. Non pode acceder ás axudas dos Grupos de Acción Local de Pesca (GALP) con fondos FEMP.

Ata o ano 2013, a normativa estatal na materia (Orden ARM/271/2010, do 10 de febreiro, modificada pola Orde ARM/3315/2010, de 21 de decembro) establecía uns criterios para o reparto e xestión de cotas de diferentes especies por modalidades de pesca e dentro de cada modalidade por tripulante embarcado a bordo e día.

A partir da dita anualidade e a través da orde AAA/1307/2013, de 1 de xullo, derogada pola Orde AAA/2534/2015, establecéronse plans de xestión para a distribución das posibilidades de pesca e un sistema de reparto distinto ao que historicamente se viña aplicando, vencellado directamente cos datos de consumo de capturas históricas (datos obrantes na SEGEPESCA do período 202-2011), ás que se lle deron prioridade fronte a aspectos socio-económicos das frotas afectadas nas distintas pesqueiras, ou o que é o mesmo, sen terse en conta que Galicia representa o 90% da frota de artes menores do Cantábrico-Noroeste, e a que en aplicación do criterio por históricos, non acada máis dun 15% de cota nalgunhas especies.

En fin, pasouse dunha pesqueira lineal para todos os buques (cada embarcación dentro das súas capacidades de pesca e almacenamento e sen criterio de reparto por comunidade autónoma ou outras divisións territoriais) para se converter nunha fonte de desequilibrio interrexional dentro dun mesmo estado.

Asemade, catro anos despois da entrada en vigor da nova política pesqueira comunitaria (PPC), o sector da pesca artesanal segue sen poder cadrar esixencias, prohibición e obxectivos. Bruxelas deixouno sen marxe de manobra, combinando cotas escasas e unha impracticable obriga de desembarco para todas as capturas. Dende o 01/01/2019 coa aplicación da política de “descartes cero “, poderá haber embarcacións que teñan que parar, despedir tripulacións ou incluso ser despegadas.

A PPC, non está pensada nin adaptada á realidade da pesca artesanal e na UE só se escoitan e teñen en conta as demandas dos grandes lobbies pesqueiro, sen porse en marcha medidas específicas para este segmento da frota. Sen dúbida haberá problemas, e podería chegar un momento no que a pesca artesanal quedase desmantelada.

Trátase pois dunha preocupante situación, de todo dramática para as comunidades pesqueiras de Galicia, altamente dependentes dunha actividade que dá emprego directo a máis de 9.000 persoas.

En definitiva está dabondo demostrado que no intre de repartir as posibilidades de pesca, a frota artesanal sempre sae mal parada e discriminada, aínda tratándose de máis sostible, sustentable e respectuosa co medio mariño e que garante menores capturas, máis de maior calidade.

O Pleno do Concello de Fisterra, mediante escrito asinado por todos/as e cada un/unha dos membros que integran a Corporación Municipal SOLICITA aos Grupos Políticos con representación no Parlamento de Galicia e no Congreso dos Deputados, que adopten e executen as seguintes decisións:

1- Promover e consensuar as medidas necesarias para materializar a exclusión das capturas accesorias ou accidentais da frota costeira artesanal do sistema de TACS e cotas, dada a súa multiespecificidade e, polo tanto, o seu escaso impacto no estado dos recursos mariños.

Dentro da pesca costeira artesanal, compre establecer criterios de diferenciación entre o que significa a pesca accidental e a pesca dirixida. O tratamento das dúas modalidades debería ser de todo independente: a accidental debe estar á marxe dos criterios de TACS e cotas ou de obriga de desembarco, dado que representa as capturas de especies accesorias durante a pesqueira dunha especie obxectivo. Por outra banda, a dirixida oríentase á pesqueira dunha determinada especie, debéndoselle aplicar unha xestión de posibilidades de pesca a través de criterios de reparto que garanten igualdade de condicións entre as unidades de frota participantes.

2. Requirit un tratamento distinto e diferenciado da xestión de posibilidades de pesca da frota artesanal con respecto ás frotas industrial e/ ou semiindustrial.

As embarcacións de pesca costeira artesanal son de pequeno porte, utilizan artes e aparellos de pesca altamente selctivos, desenvolven a súa actividade pesqueira de forma tradicional, sostible, cun baixo volume de capturas de especies moi diversas e de gran calidade.

A pesca costeira artesanal nas súas diferentes modalidades realízase de xeito exclusivo en augas interiores cunha importante dependencia socioeconómica, tendo en conta a gran cantidade de postos de traballo que xera, tanto directos como indirectos.

Xa que logo, queda suficiente demostrado que a incidencia da pesca costeira artesanal é socialmente moito máis relevante que a industrial ou semiindustrial e, polo tanto, estímase esencial a súa protección e salvagarda, proponendo a súa regulación a través de criterios específicos e consecuentes, e en ningún caso mesturados con outras pesqueiras de intereses moi distintos.

3. Continuar reclamando que a pesca costeira artesanal quede exenta da obriga de desembarque.

É indispensable seguir insistindo ante a Unión Europea, que a normativa que regula a obriga de desembarque de capturas para a frota costeira artesanal, quede sen efecto.

É indubidable que a decisión de “política de descartes cero” tomouse de xeito precipitado no seo da UE, sen facerse os estudos correspondentes e sen ter en conta as pesqueiras multiespecíficas nas que desenvolve a súa actividade a frota costeira artesanal galega.

O feito de aplicar o regulamento tal e como está redactado, podería supoñer que non se poida desenvolver a actividade pesqueira, cando se poden acreditar as boas condicións dos caladoiros galegos, debido á forma de traballo sostible da pesca costeira artesanal.

C) MOCION EN APOIO ÁS TRABALLADORAS E AOS TRABALLADORES DE FERROATLANTICA EN CONTRA DAS INTENCIONS DA EMPRESA DE PECHAR UNIDADES PRODUCTIVAS E APLICAR UN ERE.

Nas últimas semanas de decembro de 2018 coñecéronse diferentes ameazas de Ferroatlántica aos seus centros produtivos en Galiza, que van dun anuncio de ERE en Sabón, até a parada de dous fornos no centro de Cee-Dumbría. Esta situación coincide no tempo cun momento de escalada do prezo da electricidade e de grande inestabilidade nas industrias electrointensivas por mor das mudanzas no sistema de interrumpibilidade e do resultado das poxas. Porén, ten as súas raíces tamén en décadas de falta de planificación industrial por parte da Xunta de Galiza e do goberno central, como demostra esta situación e a doutras empresas electrointensivas como Alcoa.

Doutra banda, esta situación de risco e perda de músculo industrial da economía galega é favorecida pola regulación do mercado de traballo despois das reformas laborais do PP e PSOE, que coartan a capacidade de negociación laboral da clase traballadora, e pola ausencia dun marco galego de relacións laborais. Así mesmo, é favorecida pola irracionalidade dunha regulación de enerxía eléctrica centralista que impide que Galiza aproveite ao seu favor a súa condición de país produtor excentario e pola auencia de fiscalización do Estado ao sector electrointensivo que durante anos ingresou importantes primas pola xestión da demanda sen que ningún esixira a cambio o mantemento dos postos de traballo ou a modernización produtiva.

Máis aínda, cómpre tamén recordar que Ferroatlántica explota as centrais hidroeléctricas do río Xallas a cambio do mantemento da produción industrial e dos postos de traballo na Costa da Morte. Esta empresa ten recibido grandes beneficios por esta condición, porén, ten aplicado un modelo de explotación absolutamente neocolonial no que esquilma os

nosos recursos ao tempo que non desenvolve investimentos na modernización da empresa e incumpre sistemáticamente os compromisos de mantemento e aumento do emprego.

Recentemente, no ano 2017, o grupo de Vilar Mir pretendeu levar a cabo unha operación de especulación intentando vender as centrais do río Xallas, que son unha cesión pública baixo unha serie de compromisos de mantemento da actividade produtiva e dos postos de traballo. Porén, a forza colectiva dos e das traballadoras e do pobo galego, conseguiron facer presión para que iso non chegara a acontecer.

Vemos, nesta nova sombra de ERE e outro tipo de medidas que poderían afectar aos case 300 traballadores do cadro de persoal máis outras 100 persoas entre eventuais e auxiliares, unha operación que busca castigar as fábricas galegas, que son rendíbeis economicamente, nun intento de vinganza e chantaxe que non se pode consentir.

Nas últimas semanas os traballadores coñecían a decisión inxustificada de pechar dous fornos da planta de Cee e Dumbría durante os seis primeiros meses do ano, mais sen certeza de que tal decisión non acabe sendo definitiva. Así mesmo, nos primeiros días deste ano, Ferroatlántica trasladaba materia prima fundamental para a actividade produtiva da Costa da Morte a Francia, o que é unha clara evidencia das intencións do Grupo de Villar Mir: desviar a produción a outras empresas do grupo, para así poder xustificar, con base á redución da produción, calquera expediente de regulación de emprego. Así mesmo, a paralización destes fornos xa ten suposto perda en materia de emprego, tanto das auxiliares como do persoal eventual que nestas datas non foi chamado para traballar. Unha situación que se prolongará á empresa matriz de se formalizar un expediente de emprego agardado para os próximos meses.

Estamos diante dunha situación excepcional que require dunha forte intermediación por parte das administracións para evitar que o modelo de industria colonial que se ten aplicado, sumando ao irracional sistema de xestión eléctrica, supoñan novas perdas en materia de emprego e tecido industrial.

Por todo iso, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1. Expresar a súa solidariedade cos traballadores e traballadoras de Ferroatlántica e a comprometerse na defensa do mantemento do emprego e da capacidade produtiva en todos os centros.**
- 2. Instar á Xunta de Galiza a que demande a Ferroatlántica a non aplicación dun ERE sobre calquera dos seus centros de produción e ao mantemento dos investimentos e dos postos de traballo.**

3. Instar á Xunta de Galiza a que demande a Ferroatlántica a reactivación inmediata dos fornos 13 e 14 de Cee e Dumbría e ao cese no desmantelamento encuberto das fábricas.

4. Instar á Xunta de Galiza a manter un contacto permanente cos traballadores e traballadoras para defender o mantemento dos postos de traballo e da actividade produtiva.

5. Instar á Xunta de Galiza a esixir, como titular das concesións hidroeléctricas do río Xallas, que Ferroatlántica garanta a viabilidade das plantas de Cee e Dumbría, mantendo os postos de traballo, a actividade produtiva e os investimentos precisos para cumprir cos requisitos de cesión.

6. Instar á Xunta de Galiza a que, de non cumprirse o punto anterior, inicie o proceso de reversión das concesións.

7. Instar á Xunta de Galiza, a que no caso de continuar Ferroatlántica na destrución de emprego e actividade produtiva nos centros de Cee e Dumbría, demande do goberno central a paralización de calquera tipo de compensación para Ferroatlántica das contempladas no RD 20/2018 para as industrias electrointensivas, por incumprir a condición de que estas axudas estean vinculadas ao mantemento da actividade.

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda aprobala en todo o seu contido.-

4º.- Modificacións Xunta ó Convenio Colectivo e Acordo Regulador.-

O Pleno da Corporación Municipal por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aceptar na súa totalidade o contido da seguinte:

**ACTA DA COMISIÓN NEGOCIADORA DO II CONVENIO COLECTIVO DO
PERSOAL LABORAL AO SERVIZO DO CONCELLO FISTERRA**

ASISTENTES.--José Marcote Suárez. Alcalde do Concello de Fisterra

-Xan Carlos Sar Oliveira. Tenente de Alcalde do Concello de Fisterra

-Nélida Cambeiro Otero. Delegada de persoal laboral do Concello de Fisterra

-Osvaldo Santos Lobelos. Delegado de persoal laboral do Concello de Fisterra

-Miguel Ángel Olveira Traba. Delegado de persoal laboral do Concello de Fisterra

En Fisterra, na sede do Concello, sendo as 10:00 horas do día 18 de xaneiro de 2019, reúnese a Comisión negociadora do II Convenio colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Fisterra, ao obxecto de atender o requerimento efectuado pola Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Coruña, en relación á emenda dos erros detectados na documentación presentada para a

publicación do citado convenio colectivo e procédese a adecuar o texto do convenio colectivo ás modificacións contempladas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018).

En relación co anterior, e tras o debate correspondente, as partes lexitimadas alcanzan o seguinte:

ACORDO:

Primeiro.- Seguindo as indicacións do Departamento Territorial, e dado que o ámbito temporal do convenio é plurianual, procédese a incluír nos trámites anexos para a publicación do convenio, as táboas salariais para os anos 2019 e 2020, e todo elo, sen prexuízo de que as ditas táboas deban se axustadas aos incrementos ou conxelacións que establezan ás respectivas leis anuais de orzamentos do Estado ou da Comunidade Autónoma, que sexan de aplicación ao ámbito de aplicación deste convenio.

Segundo.- Do mesmo xeito, seguindo as indicacións citadas, acórdase a remisión dun novo texto asinado en todas as páxinas, en pdf, da presente acta, na que se recollen os cambios que esta Comisión negociadora acorda nesta reunión e que se reflicte nos seguintes puntos.

Terceiro.- Así mesmo, acórdase a remisión do texto íntegro do convenio en formato Word, unha vez incorporadas as supresións, modificacións e/ou adicións, e modificación da numeración correlativa do articulado, que se reflicten na presente acta.

Cuarto.- En relación ás observacións de eliminación, emenda, etc que se indican no requerimento da Xefatura Territorial, en relación ao texto do convenio, no control previo de legalidade que realiza, aos efectos da publicación do mesmo, procédese a realizar as seguintes alegacións:

1.- Artigo 3. Ámbito persoal

Parágrafo segundo: Acéptanse os termos do requerimento e procédese a eliminar o parágrafo.-

Parágrafo terceiro.- Acéptanse os termos do requerimento e procédese a eliminar o parágrafo.-

2.- Artigo 11 Publicidade do convenio colectivo.

Modifícase o texto do convenio, polo que o texto deste artigo é o seguinte: “Con independencia da súa aprobación polo Pleno Municipal, aos efectos da súa publicación no Diario oficial correspondente, procederase conforme aos termos do artigo 2 do Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo, así como na Orde do 29 de outubro de 2010 pola que se crao o rexistor de convenio e acordos colectivos de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia, modificada pola Orde do 14 de marzo de 2013. O Concello, asegurarase de que todos e cada un dos traballadores/as deste Concello dispoñan dun exemplar gratuito do convenio colectivo e publicaráse na páxina web do concello”.

3.- Artigo 19.2 Regulación e xustificación de ausencias. Criterios de control e xestión. Acéptanse os termos do requirimento e procédese a eliminar os dous últimos parágrafos.

4.- Artigo 21.2 Calendario Laboral

Elimínase a festividade de Santa Rita (22 de maio) en tanto non está contemplada na normativa básica de aplicación.

Mantense o resto do artigo en tanto se considera que é axustado á normativa aplicable, e no exercicio das competencias e potestades que lle corresponde á Administración local, e ás partes lexitimadas para esta negociación, ademais de tratarse dunha redacción idéntica á que a propia Administración Autonómica aplica ao seu persoal funcionario e laboral, en desenvolvemento da Lei do Emprego Público de Galicia e que se contén na RESOLUCIÓN do 24 de febreiro de 2016, dá Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre ou réxime de vacacións, permisos e licenzas (DOG do 4 de marzo de 2016).

5.- Artigo 22.3 Xornada laboral. Xornada reducida no periodo de verán.

Atendendo aos termos do requirimento, modifícase o punto 3 do art. 27, quedando do seguinte xeito: “3.- Horario de verán: Durante o período establecido para cada ano pola Xunta de Galicia, establecerase no Concello de Fisterra a mesma adaptación ou diminución, no seu caso, a compensar nos meses restantes, nos termos que se estableza para a Administración Xeral do Estado”.

Cando polas características do servizo ou do posto de traballo, non sexa posible esta adaptación durante o periodo ordinario de verán, farase en termos análogos noutros periodos que así o permitan ao longo do ano”.

6.- Artigo 28.6 Acceso

En base aos termos do requirimento, modifícase o punto 6º do art. 26, quedando do seguinte xeito: “Os Tribunais e/ou Comisións de Selección estarán integrados e axustaránse no seu funcionamento ao que establece o Real Decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Emprego Público e o Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do personal ó servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de postos de traballo e promoción profesional dos funcionarios civís da Administración Xeral do Estado”.

7.- Artigo 39.1 Trienios.- Acéptanse os termos do requirimento e procédese a eliminar o parágrafo

8.- Artigo 39.3 Contías das retribucións básicas e complementarias.

Non se comparten os termos do requirimento, en tanto que o contido orixinal do convenio remitido, entra dentro do marco normativo de aplicación.

Tal e como se apuntou anteriormente, sempre respetando os límites orzamentarios, pódese establecer en convenio colectivo as retribucións do persoal laboral, tanto na súa cuantificación como a definición da estrutura retributiva.

Ten razón na súa totalidade a Xefatura territorial, cando di que as determinación das retribucións básicas é competencia do Estado, e non é intención dos negociadores deste convenio nin negalo nin pretender exercer esa competencia, pero dito o anterior, na nosa opinión o que fai este artigo, é facer unha equivalencia por grupos, por remisión ás cantidades que establezan os Orzamentos Xerais do Estado para cada ano, remisión que entendemos non está vedada pola normativa aplicable.

9.- Artigo 39.4. Traballos de superior categoría e substitucións.

Aceptanse os termos do requerimento e procédese a modificar o artigo, tomando como referencia o Convenio Colectivo Único do persoal laboral da Xunta de Galicia, quedando do seguinte xeito: “Artigo 15º.-Traballos de superior e inferior categoría

Ademais do establecido no artigo 39 do Estatuto dos traballadores, teranse en conta os seguintes principios:

1. A realización de traballos de categoría superior responderá a necesidades excepcionais e perentorias e durará o tempo mínimo imprescindible e o nomeamento corresponderá ao órgano competente.
2. A ocupación dun posto de traballo en réxime de desempeño de funcións de categoría superior non poderá exceder de seis meses consecutivos ou oito durante dous anos.

O límite temporal anterior non será aplicable cando non sexa posible a rotación con outros traballadores, por considerarse que non posúen os requisitos para o desempeño do posto.

A praza deixada vacante por estes/as traballadores/as ou polos/as seus/súas substitutos/as cubrirase por contratación temporal, de acordo co establecido neste convenio.

3. Os postos de traballo cubertos polo procedemento regulado neste artigo incluíranse, necesariamente, no primeiro concurso de traslados que se convoque, agás que a praza se atope reservada ao seu titular.

4. O simple desempeño dunha categoría superior, e sen prexuízo do abono das diferencias retributivas con respecto ao posto superior desempeñado, unha vez finalizado o desempeño, non consolidará o salario nin a categoría superior nin terá a consideración de mérito para o acceso pola quenda de promoción interna. O único procedemento válido para consolidar unha categoría superior é o de superar o correspondente proceso selectivo”.

10.- Artigo 50.2.b) Procesos de Funcionarización.

Acéptanse os termos do requerimento, e a eses efectos modifícase o apartado b) do art. 50.2, quedando do seguinte xeito: “Poderán participar neste procesos o persoal laboral fixo que á entrada en vigor da Lei 7/2007 do EBEP, estivese desempeñando funcións de persoal funcionario e cumpra os requisitos establecidos pola lexislación básica do estado e a autonómica que sexa de aplicación”.

11.- Artigo. 53. Acceso á formación.

Acéptanse os termos do requerimento, e a eses efectos, engádesse ao final do primeiro parágrafo: “....., sempre que o tempo de asistencia a cursos se realicen dentro da xornada e horario de traballo.”

Así mesmo procédese a adecuar o texto do convenio colectivo ás modificacións contempladas na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 247, do 28 de decembro de 2018)

En relación co anterior Acórdase:

1.- Actualizar no **artigo 25** do convenio colectivo a duración do permiso por parto que cambia de “*vinte semanas ininterrompidas*” a “*vinte e dúas semanas ininterrompidas*”.

2.- Actualizar no **artigo 25** do convenio colectivo a duración do permiso por adopción ou acollemento que cambia de “*vinte semanas ininterrompidas*” a “*vinte e dúas semanas ininterrompidas*”.

3.- Actualizar o **artigo 47** do convenio colectivo relativo ao Réxime de retribucións en procesos de baixa por incapacidade temporal, que queda coa seguinte redacción:

O réxime retributivo aplicable en situacións de incapacidade temporal do persoal laboral incluído no eido de aplicación do presente Convenio, adecuarase aos criterios que a continuación se relacionan, sen prexuízo das adecuacións que proceda realizar como consecuencia das previsións e limitacións normativas vixentes, en cada momento, ao respecto desta materia.

Aboarase a todo o persoal ao servizo do Concello dende o primeiro día en situación de incapacidade temporal un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións fixas que se veñan percibindo no mes de inicio da incapacidade temporal.

Igualmente, o persoal municipal tamén percibirá un complemento á prestación económica que perciba ata acadar o 100% das retribucións fixas, nas situacións de incapacidade temporal por:

- Risco por embarazo.
- Maternidade.
- Risco durante a lactación natural.
- Paternidade.

As devanditas situacións deberán ser acreditadas mediante a prescrición médica, parte de baixa ou calquera outro medio fidedigno da situación que a causa

Quinto,- Se procede á corrección dos anexos seguindo as indicacións da Xefatura territorial.

Sexto.- As partes proceden á firma dun novo texto íntegro do Convenio coas rectificacións aprobadas, a fin do seu envío para a inscrición, rexistro e publicación.

Sétimo.- Facúltase solidariamente a calquera dos membros da comisión negociadora para que proceda aos actos de inscrición, rexistro e publicación no BOP, efectuando os trámites que sexan necesarios, incluída a presentación telemática.

En proba de conformidade, as partes comparecientes firman a presente Acta, en todas as súas páxinas na sede do concello e na data indicada no encabezamento.

2) Remitir certificación deste acordo a Xunta de Galicia para o seu coñecemento e demais efectos legais.-

5º.- Resolucións ditadas pola Alcaldía, para coñecemento.-

Dáse conta das seguintes :

- Resolución de inicio de **procedementos sancionadores de tráfico**.
- **Concesión de días por asuntos particulares en favor de Juan Carlos Lagoa López** os días 26, 27 e 28 de decembro e 2, 3, 4 de xaneiro de 2019.
- Concesión de vacacións en favor de Fernando Pérez Rivas durante o período comprendido entre o 20 de decembro de 2018 ata o 14 de xaneiro de 2019.
- Concesión de vacacións correspondentes ao ano 2018 en favor de Mª José Traba Traba durante o período comprendido entre o 4 ao 11 de xaneiro de 2019.
- Concesión de vacacións en favor de Luis Insua Liñeiro, durante o período comprendido entre o 26 de decembro de 2018 ata o 31 de xaneiro de 2019 (ambos incluídos).
- Concesión de días e vacacións en favor de Carmen Mª Ballón Estévez os días 26 e 28 de decembro, os días 21 (mañá), 2, 3, 4 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ano 2018.
- Concesión de días en favor de Luís Insua Liñeiro, 1, 4, 5, 6, 7, 8, 11 e 12 de febreiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Vacacións durante o período comprendido entre o 26 de decembro 2018 ao 4 de xaneiro de 2019 (ambos incluídos).
- Concesión de vacacións en favor de Alicia López Gil durante o período 26, 27 e 28 de decembro de 2018.
- Concesión de días por asuntos particulares en favor de Alicia López Gil durante os días 2, 3, 4, e 7 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Concesión de días en favor de Mª Filomena Domínguez Velay durante os días 2 e 3 de xaneiro por asuntos particulares.

- Contratación de Rafael Riveiro Domínguez con carácter eventual durante o período comprendido entre o día 27 de decembro ao 31 de xaneiro de 2019 como condutor.
- Resolución desestimatoria de alegacións presentadas por Lourdes Domínguez Lago e José Antonio Domínguez Domínguez, sobre os danos sufridos polo seu fillo ao caerlle a tapa dun colector de obra.
- Concesión de permiso a favor de Nélida Cambeiro Otero durante os días 28 de decembro e 4, 7 e 11 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Concesión de permiso a favor de M^a Teresa Dourado Martínez durante os días 10 e 11 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Vacacións en favor de Luis Insua Liñeiro durante o período comprendido entre o 3 ao 9 de xaneiro de 2019.
- Concesión de vacacións en favor de Manuel Lagoa López durante o período comprendido entre o 2 ao 31 de xaneiro de 2019.
- Contratación de Violeta Costa Lago, ante a necesidade de substitución da traballadora Lucinda Espasandín Martínez, por baixa médica.
- Concesión de vacacións en favor de M^a Teresa Dourado Martínez durante o período comprendido entre o 3 ao 9 de xaneiro de 2019.
- Concesión de días libres por asuntos particulares en favor de Amable Canosa Martínez durante o período 10, 11, 17 e 18 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Concesión de axuda social a favor de P. L. C. por importe de Cento Cincuenta euros (150,00 €) ao tratarse dunha persoa carente de recursos económicos.
- Concesión de días por asuntos particulares a favor de Silvia Sar Insua durante o período 11, 14, e 18 de xaneiro de 2019 con cargo ao ano 2018.
- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján ante a necesidade de substitución de Pamela Caamaño Carril.
- Concesión de permiso por asuntos particulares a favor de Pamela Caamaño Carril os días 14, 15, 16, 28, 29, 30 e 31 de xaneiro de 2019 por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.
- Concesión de permiso a favor de María Trillo Domínguez durante os días comprendidos entre o 17 ao 24 de xaneiro de 2019 (ambos incluídos) por asuntos particulares con cargo ao ano 2018.

- Nomeamento de Pedro Santiago Díaz Domínguez como operario de obras e servizos durante o período comprendido entre o día 16 de xaneiro ao 31 de decembro de 2019 en xornada completa.
- Contratación de Ana Isabel Suárez Buján ante a substitución da traballadora María Trillo Domínguez.
- Cancelación de garantías definitivas a nome de Búa Construcciones y Servicios S.L.
- Recurso contencioso-administrativo procedemento ordinario 270/2018 interposto por Rita Canosa Nemiña e nomear a Lumiera Gestión Urbanística S.L. como defensa e representación.
- Vacacións e días a favor de M^a Amable Domínguez Pombo durante o período comprendido entre os días 4 ao 8 de febreiro e do 4 ao 11 de marzo de 2019.
- Concesión de vacacións en favor de Oscar Liñeiro Iglesias, durante o período comprendido entre 28/01 ao 1/02 e 11 ao 25 de febreiro de 2019.
- Concesión de días por asuntos particulares en favor de Noelia Castreje Canosa durante os días 30 e 31 de xaneiro de 2019.
- Autorización para celebrar as festas en San Vicente de Duio os días 22, 26 e 27 de xaneiro de 2019.
- Autorización para lanzar foguetes con motivo da celebración das festas citadas os días 22, 26 e 27/01.
- Delegación de funcións de Alcaldía por motivos de viaxe oficial en favor do primeiro Tenente de Alcalde durante os días 23 e 24 de xaneiro de 2019.
- Concesión de permiso por días de asuntos particulares a favor de Juan José Lago Estévez período 22 ao 31 de xaneiro de 2019.
- Resolución xustificativa sobre non división en lotes das Obras incluídas no Plan de Obras e Servizos ano 2019 :

Denominación do investimento	Orzamento
Pavimentación viario rúa Mar de Fóra (cara ao Sur)	98.283,92 €
Pavimentación viario rúa Mar de Fóra (cara ao Norte)	44.871,70 €
Rehabilitación e reforma do parque infantil da praia de Sardiñeiro	123.824,93 €
Pavimentación viario en Ermedesuxo de Arriba	32.721,51 €
Pavimentación viario en Calcova	93.423,40 €
Pavimentación viario en San Martiño de Abaixo	102.518,15 €
Mellora servizos rúa Pedras Pías	98.676,06 €

- Contratación da Ana Isabel Suárez Buján ante a substitución da traballadora Pamela Caamaño Carril.
- Aprobación de presuposto presentado pola Empresa Alfonso Botana S.L., polo importe de Cinco mil novecentos vinte e nove euros (5.929,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido para elaboración dunha aplicación informática necesaria para redacción de informes urbanísticos.

6º.- Rogos e Preguntas.-

Sr. Traba Fernandez do grupo popular

- ¿Cantos vehículos están autorizados para circular pola rúa Real cando está peonil?

¿Por que segue cortada a rúa Real si se indicou que se ía permitir o acceso a partires de outubro?

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Non se deron pases para a circulación, poden circular os vehículos que o necesiten durante un periodo de media hora así como outorgase permiso para poder recoller familiares.

- En días pasados apareceron na prensa dúas fotografías dunha serie de pavimentacións con formigón e logo tapadas con barro a carón do vialde acceso ao faro.

¿Foi unha obra executada polo concello?

¿Tiña autorización de Patrimonio?

¿Abriuse o correspondente expediente de reposición á legalidade?

¿Que medidas vai tomar o Concello para repoñer a citada actuación á legalidade?

Sr. Alcalde

A obra non foi executada polo concello, non ten autorización de patrimonio nin abriuse expediente de reposición da legalidade polas seguintes razóns:

Non existe formigón, o que quitou a foto no periódico a debeuna quitar a mala fé; non pode ser que un xornal faga unha fotografía sen constatar antes si a foto é de verdade, isto denota que o xornal que a publicou e pouco serio.

O que realmente pasou e que como consecuencia de terse formado unha charca nos laterais da zona de aparcamento caíu unha muller e os propietarios da concesión administrativa do edificio “o semáforo” coa finalidade de que non empozara púxose zahorra, o único erro foi non telo

consultado co concello, pero non existe problema algún dado que fomos a comprobalo acompañados do arquitecto e o material era zahorra negra mezclada co que sae das estradas.

Vaise consultar se por elo existe ou non un problema de medio ambiente.

Dicir que no Km 0 tamen fixemos o mesmo porque existía un oco e tapouse, non pasou nada

- Visto que se xustificou a apertura dun oco no muro Norte do campo de deportes fronte á igrexa como unha obra prevista unhas supostas emerxencias, que afortunadamente a día de hoxe non se produciron.

¿Tramitouse algún expediente con Cultura para a correspondente autorización?

¿Quen deu a orden para abrir ese oco?

Sr. Alcalde

Non se fixo ningun trámite para que a Conselleria de Cultura autorizase dado que pensamos que non e unha actuación importante

-¿Fíxose algún trámite máis que colocar a varanda na parte leste do Castelo de san Carlos para mellorar o entorno ou legalizar a instalación da mesma?

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Si, vaise facer algo máis.

-¿Canto costou esa barandilla?

Cinco mil euros (5.000,00€)

-Hai unha zona valada ao lado das antigas casetas da auga na estrada de acceso ao faro. ¿Hai risco de desprendemento? Ten previsto acometer o Concello algunha obra toda vez en data pasadas o Concello de Administración da Autoridade Portuaria aprobou a cesión da estrada ao Concello?

Sr. Alcalde

Se vai a xestionar a súa reparación coa Autoridade Portuaria pois cambiaron o modelo de Convenio xa formalizado, enviaron un modificado e polo tanto aproveitaremos para solicitar que se nos arranxe a estrada de acceso ao Faro .

-Estase a facer una pavimentación e mellora de servizos na entrada de acceso á Insua. Conseguiuse algunha cesión para ampliar o ancho do vial?

Sr. Alcalde

Algo si, estamos facendo xestións.

-Canto supón ao mes para as arcas municipais, de xeito estimado, o servizo de recollida e mantemento dos cans abandonados ou sen dono coñecido.

Sr. Sar Oliveira do grupo BNG

Quince euros cada camada de dez. Trinta e sete euros recollida de cans. Catro euros can/día, durante o ano 2018.

-¿Vaise tramitar o expediente para a consecución da Bandeira Azul?

Sr. Alcalde

Non, polo tratamento do ano pasado, pois nos fixeron unha medida preventiva sen comprobar a realidade.

Non vale a pena traballar para cumprir cos requisitos que son necesarios na concesión da bandeira azul.

En relación ca vixiancia da praia Langosteira e co motivo desta petición son necesarios catro socorristas e nos só podemos contratar dous que foron os ofrecidos polo servizo público de emprego.

ROGO

A desembocadura do río de Sardiñeiro volve a por en risco a estabilidade do paseo marítimo, este grupo roga que o volvan ao seu curso cara o mar.

Sr. Alcalde

Tómase en consideración, dado que as veces o curso do río vai a babor e outras veces a estribor.

Agora mesmo non existe problema, no caso de que a area se poña por debaixo da pasarela tomaremos medidas.

E non tendo máis asuntos de que tratar o **Alcalde-Presidente remata a sesión, ás 21:35 horas do día de hoxe, de todo o que como secretario, dou fe.**